



BOP

DEPUTACIÓN DE LUGO

MÉRCORES, 20 DE MAIO DE 2020

N.º 114

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

Oferta de Emprego Público 2020

Por resolución da Alcaldía de 12 maio de 2020, aprobase a oferta de emprego público deste concello para o ano 2020, que contén as prazas que se citan de seguido:

PERSOAL FUNCIONARIO:

Funcionarios de Carreira: Grupo C2, Escala de Administración especial, praza vixíante municipal. Acceso libre. Número de vacantes 1.

PERSOAL LABORAL:

Axente de emprego e desenvolvemento local. Nivel de titulación.- grado ou equivalente. Número de vacantes 1.

Encargada/o do Punto de Atención á Infancia. Nivel de titulación.- as esixidas na normativa reguladora da Comunidade autónoma para a provisión do posto. Número de vacantes 1.

Persoal de apoio do Punto de Atención á Infancia.- Nivel de titulación.- as esixidas na normativa reguladora da Comunidade autónoma para a provisión do posto. Número de vacantes 1.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 91.1 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposiciones vixentes en materia de réxime local.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes , a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo durante o prazo de dous meses , contados a partir do seguinte ó da referida publicación, sen perxuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Friol, 13 maio 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0867

LUGO

Anuncio

A Ilma. Sra. dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, en virtude de delegación da Xunta de Goberno Local segundo o seu Acordo número 28/452, do 17 de xullo de 2019, dictou o Decreto núm. 2264/2020, polo que se aproban os padróns de contribuíntes obligados ó pagamento do Imposto Sobre Bens Inmobles de Natureza Urbana e Rústica para o ano 2020.

Conforme ó disposto no art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria e no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral, os padróns aprobados quedan expostos ó público (no Servizo de Facenda Local, sito no Centro de Servicios Municipais da Ronda da Muralla, 197, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00), durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán examinalos e formular as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes.

No caso da non recepción ou extravío dos recibos, expediranse duplicados nas oficinas de Facenda Local do Centro de Servizos Municipais, sito na Ronda da Muralla, 197, 2º andar, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, mediante atención personalizada, debendo os interesados acreditar tal condición, para os efectos de facilitarles o acceso á

información tributaria correspondente, por tratarse de datos protexidos de conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Ilma. Tenente de Alcalde-Delegada da Área no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ó da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no art. 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Lugo, 21 de abril de 2020.- A Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0868

Anuncio

Edicto de Exposición ao público

Por Decreto número 2386/2020, de data vinte e sete de abril de douce mil vinte, aprobase o Padrón de suministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2020, que se expón ao público na Unidade de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE, Álvaro Santos Ramos.

R. 0869

Anuncio

ANUNCIO DE COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuinte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadroamento, salvo notificación expresa ao Concello doutro diferente. O citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuinte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 20 de abril e ata o 22 de xuño do ano 2020, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó primeiro trimestre de 2020

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de maio de 2020

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o dia 20 de xullo de 2020, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidad Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria Lugo, 30 de abril de 2020.- A TENENTA DE ALCALDESA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 0870

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO

Anuncio

En el presente órgano judicial se tramita procedimiento ordinario 4044/20, por la Procuradora Dª. M. IRENE CABRERA RODRIGUEZ, en nombre y representación de RVI, PJML, AFG, JCVI y GFL contra la CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (XUNTA DE GALICIA) y el AYUNTAMIENTO DE FONSAGRADA, en el que se sustancia el recurso contencioso-administrativo interpuesto por los demandantes contra la Orden de 3 de julio de 2019, sobre aprobación definitiva del Plan General de Ordenación Municipal de A Fonsagrada (LUGO).

Por lo que en cumplimiento de la diligencia de ordenación de fecha 13-05-20 y de lo establecido en el artículo 47.2 de la LJCA, se concede un plazo de quince días para la personación de quienes tengan interés legítimo en sostener la conformidad a Derecho de la disposición , acto o conducta impugnados.

En A CORUÑA, a trece de mayo de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA, JOSE MIGUEL FORMOSO SOBRADO.**

R. 0871
